

Tribunal de

*GRAN
TRIBUNAL
DE VIGO*

Memoria
1 de xaneiro 2014
/31 de decembro 2014

Universidade de Vigo

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

- 1. NORMATIVA POLA QUE SE REXE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS**
- 2. NATUREZA, PRERROGATIVAS E FUNCIÓNS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS**
- 3. MODALIDADES DE ACTUACIÓN**
- 4. EXPEDIENTES TRAMITADOS**
- 5. OUTRAS ACTUACIÓNS**
- 6. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ACTIVIDADE EXTERIOR**
- 7. ORZAMENTO**
- 8. COMENTARIO XERAL RELATIVO AO CONTIDO DESTE INFORME**
- 9. BALANCE FINAL DE CATRO ANOS DE MANDATO**
- 10. ANEXOS**

PRESENTACIÓN

Este informe elaborouse en cumprimento do disposto nos estatutos da nosa Universidade, onde se establece que o defensor universitario dará conta anualmente, e a través dun informe que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías (TG). Así pois, no presente informe recóllense todas aquelas actuacións relevantes levadas a cabo ao longo do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014. A exposición de todas estas actuacións vai precedida dunha referencia xeral ao marco normativo, conceptual e metodolóxico-procedemental no que teñen que enmarcarse sempre as actuacións do TG. Conforme a iso, o contido deste informe queda estruturado nos seguintes apartados:

- No primeiro faise referencia ao conxunto de normas reguladoras do TG, e que se concretan na disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 6/2001 de universidades, no capítulo I do título V (“Da comunidade universitaria”) da Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia, no capítulo II do título V (“Garantías xurídicas”) dos Estatutos da Universidade de Vigo e, finalmente, no Regulamento interno do Tribunal de Garantías.
- No segundo apartado, e en concordancia co marco normativo regulador, propónse unha breve reflexión en torno á natureza, prerrogativas e funcións do TG: unha institución singular e específica dentro do sistema institucional universitario, unha institución de garantía, á que se lle encomenda a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria.
- No terceiro apartado explícanse as diferentes modalidades a través das cales o TG leva a cabo as súas actuacións e que se concretan principalmente en tarefas de supervisión, investigación, mediación, recomendación e proposta.
- No cuarto apartado, que constitúe a parte central e máis extensa deste informe, dáse conta do conxunto de expedientes tramitados, e que son consecuencia das reclamacións ou queixas presentadas polos membros da comunidade universitaria perante o TG.
- No quinto apartado recóllense outras actuacións realizadas (consultas, mediacións, entrevistas, recomendacións, elaboración de documentos), e que derivan desoutras funcións de conciliación, avinza, información e proposta inherentes a este tribunal.
- No apartado sexto ofrécese información daquelas actividades de relación levadas a cabo, e que deben encadrarse dentro do ámbito das relacións institucionais e actividade exterior do TG.
- No sétimo, e en coherencia coa dobre esixencia de rendición de contas e principio de transparencia que debe caracterizar o funcionamento de todas as administracións públicas,

ofrécese información relativa ao orzamento do tribunal e aos gastos efectuados no ano 2014.

- No octavo apartado fanse algunhas consideracións encamiñadas a comentar e interpretar os feitos e cifras presentadas na presente memoria.
- No noveno, e por tratarse do último informe que se presenta dentro deste primeiro mandato, achégase de xeito resumido o balance final destes catro anos de actividades.
- Finalmente, engádese un apartado de anexos onde se recollen as recomendacións formuladas e presentadas no ano 2014, a táboa estatística das actuacións do TG nestes catro anos, e a composición do TG con data 1 de xaneiro de 2014.

1. NORMATIVA POLA QUE SE REXE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS

1.1. Lei Orgánica de Universidades (LOU)

A Lei orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro de 2001, na súa disposición adicional décimo cuarta establece que:

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as Universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do Defensor Universitario. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

Corresponderá aos Estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

A lei fai igualmente referencia ao defensor universitario cando, referíndose aos dereitos e deberes dos estudantes, sinala que estes terán dereito á *garantía dos seus dereitos, mediante procedementos adecuados e, no seu caso, a actuación do Defensor Universitario (art. 46.2.h).*

1.2. Lei do Sistema Universitario de Galicia

A Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia, do 13 de xuño, no capítulo I do título V (“Da comunidade universitaria”) fai referencia á figura do comisionado ou comisionada universitaria nos seguintes termos:

Artigo 90. O comisionado universitario ou a comisionada universitaria

1. De conformidade co previsto na lexislación orgánica de universidades, cada unha das universidades integrantes do SUG establecerá, na súa estrutura organizativa, a figura do comisionado universitario ou da comisionada universitaria, que terá a misión de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos de goberno e servizos universitarios.

2. As actuacións do comisionado universitario ou da comisionada universitaria, sempre dirixidas á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e rexeranse polos

principios de independencia e autonomía. Corresponderá aos estatutos de cada universidade pública e ás normas de organización e funcionamento, no caso de universidades privadas, establecer o procedemento para a súa elección ou designación, a duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

1.3. Estatutos da Universidade de Vigo

Os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, regulan no capítulo II do título V (“Garantías xurídicas”) o órgano do Tribunal de Garantías, e definen nos artigos 141-145 os seus aspectos substantivos (a súa natureza, composición, funcionamento e funcións):

Artigo 141

O Tribunal de Garantías é o comisionado do Claustro Universitario para a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade de administración universitaria dándolle conta ao claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 142

O Tribunal de Garantías está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que lle sexa presentada en que estea a ser denunciado o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

Artigo 143

1. O Tribunal de Garantías, elixido no claustro entre todos os membros da comunidade universitaria, componse de nove membros:

- a) A defensora ou defensor universitario, que o preside, elixido polo conxunto do claustro.*
- b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade.*
- c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.*
- d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.*
- e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.*

2. Na súa composición procurarase o equilibrio entre homes e mulleres.

3. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente, no caso da defensora ou defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.

4. As persoas que compoñen o Tribunal de Garantías non estarán suxeitas a mandato imperativo ningún.

5. Un regulamento aprobado polo claustro fixará o funcionamento do tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro anos. As decisións do Tribunal de Garantías serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes ás reunións e o voto de calidade do presidente resolverá os empates.

6. A defensora ou defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

Artigo 144

Os membros do Tribunal de Garantías cesarán por algunha das causas seguintes:

a) Por pedimento propio.

b) Por expiración do prazo do seu nomeamento.

c) Por causa legal procedente.

d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.

e) Por revogación de todos os membros do Tribunal de Garantías, cando así o acorde o claustro por maioría absoluta.

Artigo 145

O Tribunal de Garantías, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:

a) Exixir, de oficio ou por pedimento da parte interesada, toda a información que considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.

b) Elevarlle informes ao claustro e, se é o caso, propostas de repercusión dos danos estimados.

c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.

d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno «interese lexítimo».

e) Proponerlle ao claustro un voto de censura contra o titular dun órgano unipersoal que, a pesar dos requirimentos, non modifique a súa conduta contraria a dereito.

1.4. Regulamento do Tribunal de Garantías

O Tribunal de Garantías dispón dun regulamento interno, aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo na sesión que tivo lugar o día 10-11-2004. Este é o seu contido:

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1

O Tribunal de Garantías é o comisionado da Universidade de Vigo para a defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da Comunidade Universitaria, sendo a súa finalidade fundamental a contribución ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexerese pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do seu Claustro e polas Normas deste Regulamento.

CAPITULO II: COMPETENCIAS E GARANTÍAS NO EXERCICIO DO CARGO

Artigo 2

Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de Goberno. Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

Artigo 3

No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

Artigo 4

A condición de membro do Tribunal de Garantías é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersoal de goberno da Universidade.

Artigo 5

Todos os órganos de Goberno e todos os membros da Comunidade Universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións, que, para tal efecto, terá a consideración de Autoridade, non podendo negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

Artigo 6

O Tribunal de Garantías poderá delegar no seu Presidente o desenvolvemento dos asuntos de trámite que aquel considere oportunos, debendo dar conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

CAPÍTULO III: PROCEDEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE MEDIACIÓN E CONCILIACIÓN

Artigo 7

7.1. Todo pedimento de mediación ao Tribunal de Garantías realizarase mediante escrito, no que conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os nomes dos solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

7.2. Dentro do prazo dos sete días seguintes a aquel en que fose recibido un escrito de pedimento de mediación, o Presidente do Tribunal de Garantías dará traslado do mesmo a todos os sectores implicados recabando contestación escrita na que se manifeste expresamente se se acepta ou non a mediación.

7.3. Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise contestación negativa na oficina do Tribunal de Garantías, entenderase que a mediación deste foi aceptada.

Artigo 8

Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o Tribunal de Garantías poderá iniciar calquera investigación ou actuación conducente á solución dos desacordos e enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.

Artigo 9

9.1. O Presidente do Tribunal de Garantías comunicará por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de quince días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos nas que as fundamentan.

9.2. Concluído o prazo precedente, o Presidente do Tribunal de Garantías convocará aos sectores implicados a unha sesión conxunta na que se intentará a conciliación, informando e razoando sobre as alegacións que se formulen e propoñendo fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

9.3. As conclusións e acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que será asinada polo Tribunal de Garantías e polos sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

CAPÍTULO IV: PROCEDEMENTO NA TRAMITACION DE QUEIXAS E RECLAMACIÓN

Artigo 10

As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre aquelas materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous meses dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

Artigo 11

As queixas ou reclamacións dirixiranse ao Presidente do Tribunal, debéndose presentar no rexistro que para tal efecto se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da Universidade. Nas mesmas se fará constar as xestións realizadas previamente perante a Administración Universitaria, e se achegará a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura do ou dos interesados, números do DNI e domicilio para os efectos de notificacións.

Artigo 12

12.1. O Tribunal de Garantías, nun prazo máximo de 15 días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo de informe da Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e aquelas que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, darase traslado ás persoas interesadas da motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados por ditas queixas.

12.2. Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentará un informe ao Reitor para que tome as medidas axeitadas para o restablecemento da situación perturbada.

12.3. O Tribunal de Garantías comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes, solicitándolles que nun prazo de 15 días dende a súa recepción comuniquen a dito Tribunal se aceptan ou non a recomendación.

CAPÍTULO V: NOMEAMENTOS E CESAMENTOS

Artigo 13

O Tribunal será convocado polo seu presidente/a, cunha antelación mínima de 72 horas á celebración da sesión, e poderá convocarse con menor antelación cando haxa algunha razón urxente que o xustifique.

Artigo 14

O Tribunal constituirase coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e deberá contar sempre coa presenza do presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, das persoas que os substitúan.

As decisións do mencionado órgano serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes á reunión e o voto cualificado do presidente/a dirimirá os posibles empates.

Artigo 15

O Tribunal nomeará un vicepresidente/a e un secretario/a de entre os seus membros.

Artigo 16

Os membros do Tribunal serán elixidos por un período de catro anos, agás os representantes do estudantado, que o serán por dous. En ambos casos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

Artigo 17

No caso de que cesase algún dos membros do Tribunal antes da expiración do prazo do seu nomeamento, a súa baixa será provista polo Claustro, na maior brevidade, mediante nova elección, na forma establecida nos Estatutos.

CAPÍTULO VI: APOIO INSTITUCIONAL DO EXERCICIO DO CARGO

Artigo 18

O Tribunal de Garantías terá a súa sede nun local diferente do que habitualmente estea o equipo reitoral e no que se establecerá o rexistro para a presentación das queixas e reclamacións. En calquera caso non se localizará en ningún centro ou sede departamental.

Artigo 19

A Universidade deberá facilitarlle ao Tribunal de Garantías o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.

Artigo 20

A dotación económica necesaria para o funcionamento do Tribunal será incluída no orzamento da Universidade de Vigo.

Artigo 21

A figura do presidente/a do Tribunal de Garantías equipararase para os efectos económicos, protocolarios e de exención docente, á de vicerreitor/a.

CAPÍTULO VII: DISPOSICIÓN FINAIS

Artigo 22

As decisións e propostas do Tribunal non serán susceptibles de recursos.

Artigo 23

A iniciativa para a reforma do presente regulamento requirirá o acordo da maioría dos membros do Tribunal de Garantías ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. A súa aprobación corresponderalle ao Claustro.

Artigo 24

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro, e quedarán derogadas todas as normas que se opoñan ao presente regulamento.

2. NATUREZA, PRERROGATIVAS E FUNCÍONS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Inspirándose e tomando como referencia máis directa e inmediata o modelo do Defensor del Pueblo español, o Tribunal de Garantías constitúe unha institución de carácter interno, encargada da defensa dos dereitos e intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria.

No desempeño das súas funcións, e participando dos atributos da figura do *ombudsman* clásico, goza de completa autonomía e independencia de criterio, sen suxeitarse a ningún mandato imperativo, e é titular das prerrogativas de inviolabilidade e inmunidade. Isto significa que ningunha autoridade académica lle poderá dirixir instrucións, nin poderá ser expedientado nin sancionado polas opinións que formule, ou polos actos que realice no exercicio das competencias propias do cargo durante o seu mandato. Por outra parte, todos os órganos de goberno e todos os membros da comunidade universitaria teñen o deber de colaborar co tribunal no exercicio das súas funcións, e non se lle poderá negar tampouco o acceso a ningún expediente ou documentación relacionados co obxecto da súa investigación.

Atendendo á natureza das funcións que ten encomendadas, o TG constitúe un órgano que nin é incompatible nin suplanta a outras instancias tanto internas como externas á universidade, senón que complementa e potencia o funcionamento do sistema no seu conxunto a través da súa achega específica e especializada. Unha aportación que se leva a cabo subministrando e recibindo información, realizando investigacións, combatendo arbitrariedades e abusos, mediando con habilidade e empatía entre as partes, abrindo opcións ou recomendando cambios e innovacións. Unha achega caracterizada, ademais, pola visibilidade e fácil accesibilidade, pola axilidade, rapidez e ausencia de formalismos, pola imparcialidade e neutralidade, pola confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, e sen renunciar tampouco á firmeza e determinación.

Máis que entorpecedor da actividade administrativa constitúe un factor de impulso e mellora para lograr unha administración máis xusta e eficaz. Investiga como funcionan os órganos administrativos, os administradores, nas súas relacións cos administrados a fin de detectar retrasos, silencios, arbitrariedades, irregularidades ou mala fe. Solicita informes ou ditames (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre aqueles asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación. Nalgúns casos é preciso, ademais, acudir a determinados centros, dependencias ou escenarios a fin de examinar a documentación ou contactar con persoas.

Tendo en conta estas prerrogativas e funcións, pode concluírse que estamos ante unha institución singular e específica; unha institución, ademais, que emana e participa da natureza dos *ombudsmen* consagrados no noso ordenamento xurídico, e cos que comparte os seus trazos e principios específicos. Somos, pois, unha institución de garantía, á que se lle encomenda, baseándose en criterios de proximidade e especialización, a defensa e promoción dos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria.

Por último, para clarificar a súa natureza e funcións, e contribuír a corrixir malentendidos e percepcións erróneas, convén precisar que o Tribunal de Garantías non é:

- un tribunal de xustiza que xulga condutas, dita sentencias e imparte xustiza;
- unha xestoría dedicada a coidar, promover ou activar asuntos e intereses alleos;
- un órgano xurisdiccional, executivo ou disciplinario, con potestade sancionadora;
- un xuíz ou maxistrado que, a través das súas decisións, decide cal das partes é inocente ou culpable;
- un avogado de oficio para atender todos os casos que se susciten.

3. MODALIDADES DE ACTUACIÓN PRACTICADAS POLO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Seguindo unha práctica que pode considerarse xa como habitual, e axustándose ao marco normativo vixente, cómpre subliñar as seguintes modalidades de actuación practicadas polo TG:

a) Tramitación de expedientes. Naqueles casos en que se presente e se admita a trámite unha reclamación ou queixa na oficina do TG, resulta obrigado realizar actuacións conforme ao seu regulamento, consistentes en investigar e solicitar a máxima información relacionada co asunto suscitado. Nalgúns casos, ao mesmo tempo que se utiliza este procedemento de queixa, o reclamante adoita facer uso dalgún dos mecanismos de reclamación de que dispón a administración universitaria, e que están recollidos nos Estatutos da Universidade de Vigo así como na restante normativa legal vixente. Sen dúbida, a tramitación de expedientes constitúe a tarefa central do tribunal, sendo en consecuencia a que máis horas de dedicación esixe.

Por outra parte, para un mellor seguimento das resolucións ditadas sobre os expedientes tramitados, estas agrúpanse en: a) positivas, cando o ditame elaborado polo tribunal conclúe coa defensa do recorrente por apreciar que se violaron algúns dos seus dereitos, e se propón a rectificación das actuacións practicadas; b) negativas, cando unha vez analizados os expedientes e practicadas as correspondentes investigacións, o TG considera que non se vulneraron os dereitos e intereses lexítimos do recorrente e, polo tanto, desestímase a queixa presentada.

b) Mediacións e avinzas. Son actuacións que se realizan a petición expresa dun membro da comunidade universitaria ou dun colectivo, así como dalgunha autoridade académica. Esta modalidade de actuación, expresa e amplamente regulada no capítulo III do seu regulamento interno, constitúe unha das funcións máis características e tipificadoras do tribunal, e tamén do defensor, polo que é desexable que sexa asumida cada vez máis como fórmula idónea para xestionar o conflito de maneira cooperativa e contribuír deste xeito a mellorar a convivencia intrauniversitaria. Debe subliñarse que da experiencia dos últimos anos se desprende que a modalidade habitual de mediación practicada é de carácter informal, evitando facer uso de protocolos e procedementos excesivamente formalistas que, en moitos casos, desincentivan ás partes á hora de acudir a recurso de resolución de conflitos.

c) Recomendacións e suxestións. Esta terceira tipoloxía de actuacións practicadas se corresponde coas recomendacións e suxestións que debe realizar o TG como consecuencia das súas investigacións, estudos e informacións derivadas tanto das reclamacións ou queixas

presentadas, como das actuacións de oficio promovidas polo propio tribunal. En efecto, dentro desta modalidade de actuación, ademais das levadas a cabo a instancia de parte, o TG dispón dun amplo poder de iniciativa (actuacións de oficio), que lle permite sinalar os problemas e puntos débiles detectados, suxerir solucións e propoñer pautas e valores que deben informar o conxunto de relacións entre os distintos actores que conforman a comunidade universitaria.

d) Outras actuacións. Ademais das modalidades de actuación descritas anteriormente, o TG leva a cabo outro tipo de actividades que veñen esixidas, tanto pola natureza e funcións do propio tribunal, como polo contexto espacial e temporal onde as ditas funcións teñen que despregarse. Cabe mencionar neste apartado aquelas actividades que deben encadrarse dentro do ámbito das relacións institucionais e actividade exterior.

En relación co conxunto de todas estas actuacións, é preciso sinalar que a forma habitual de toma de decisións por parte do tribunal é o acordo alcanzado entre os seus membros no transcurso de reunións deliberantes mantidas periodicamente, seguindo para iso un protocolo de actuación axustado á normativa vixente. En todas elas analízanse os temas e pónense de manifesto as distintas ópticas e consideracións sobre o contido das resolucións ou recomendacións. Tras a pertinente deliberación, de maneira habitual, o texto finalmente aprobado é o resultado e reflexo do acordo e consenso acadados entre os membros do TG, ao igual que o contido do informe que preceptivamente debe presentarse cada ano. En caso de discrepancia, as decisións son adoptadas por maioría, e o presidente dispón dun voto cualificado para dirimir posibles empates.

4. EXPEDIENTES TRAMITADOS

Exp. 01/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: problemas coa simultaneidade de estudos.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade no que solicita unha aclaración e recomenda a posibilidade de modificación na nova normativa de permanencia;
- informe da devandita vicerreitoría;
- escrito á interesada no que o tribunal lle comunica que fai unha recomendación á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade para que revise e esclarez a normativa, co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 02/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: reclamación da cualificación do Traballo Fin de Grao

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- solicitude ao presidente da Comisión de Docencia das copias do TFG e dos criterios de avaliación;
- remisión por parte da Comisión de Docencia da documentación solicitada;
- remisión a outra universidade da documentación para revisión do TFG;
- remisión do TFG corrixido;
- escritos á interesada e á comisión nos que se lles comunica que se mantén a cualificación inicial.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 03/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: ausencia de chamamento para matricularse en primeiro curso do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito ao decanato correspondente solicitando información;
- escrito do decanato no que informa de que o chamamento para o primeiro curso por primeira vez é competencia da CIUG;
- remisión á alumna da copia do informe do decanato, e un escrito no que se lle recomenda que se dirixa á CIUG e que finaliza as actuacións.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 04/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: imposibilidade de modificar a matrícula fóra de prazo, malia que se produciu un cambio de horario no segundo cuatrimestre

DOCUMENTACIÓN:

- escrito das interesadas;
- solicitude de informe ao decanato;
- conversa coas alumnas para comunicarlles que se abre un novo prazo de matrícula;

- remisión por parte do decanato do informe solicitado;
- escrito ás interesadas no que o TG as informa do peche do expediente, e co que achega a copia do informe.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 05/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: solicitude de validacións de materias por experiencia laboral.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado no que comunica que non lle validarán créditos por experiencia laboral porque no seu centro non se desenvolveu o RD que o regula, e no que solicita unha entrevista co defensor;
- entrevista do interesado co defensor;
- recomendación ao decanato para que corrixa esta anomalía mediante a modificación da memoria da titulación.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 06/14

COLECTIVO: PDI.

TEMA: solicitude de devolución do importe correspondente a varios proxectos de investigación

DOCUMENTACIÓN:

- escrito das persoas interesadas;
- escrito do TG de inicio de expediente, no que se solicita máis información.

SEN RESPOSTA.

Exp. 07/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión do exame dunha materia, que se consideraba que fora extraviado.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- reunión do defensor universitario co profesor responsable;
- escrito do interesado no que comunica que foi recibido polo profesor e puido revisar o exame xa recuperado.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 08/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: exención das taxas dun mestrado

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada
- escrito á interesada no que se lle solicita unha copia da resposta ao recurso que interpuxo ante o reitor;
- remisión por parte da interesada da documentación solicitada;
- escrito de peche do expediente no que o TG lle comunica á interesada que se ben non foron vulnerados os seus dereitos vai recomendar que mellore a comunicación entre a administración e os administrados (as respostas deben darse en tempo e forma);
- recomendación ao reitor.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 09/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: problemas coa avaliación curricular

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito á interesada no que se lle comunica que non foron vulnerados os seus dereitos.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 10/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: problemas coa validación dunha materia

DOCUMENTACIÓN:

- escrito das interesadas;
- conversas telefónicas co coordinador do mestrado;
- entrevista coa decana do centro;
- entrevista co profesor que impartiu as materias do mestrado que se pretende validar;
- escrito á interesada no que o TG lle solicita unha copia da resolución do recurso;
- entrevista coa decana do centro;
- conversas co director do departamento correspondente e co profesor que impartiu as materias;
- remisión por parte das interesadas da resolución da Comisión de Recoñecementos e Validacións e escrito no que solicitan que se archive o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 11/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado remitido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade;
- solicitude dunha copia da resolución do tribunal nomeado polo departamento;
- recepción da documentación solicitada;
- escrito ao profesor no que o TG lle solicita información sobre o tema;
- novo escrito ao profesor no que o TG lle solicita un informe;
- entrevista do profesor co defensor universitario;
- informe do profesor;
- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non enviará o exame a outra universidade porque o procedemento respectou a lexislación vixente e co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 12/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado remitido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade;
- solicitude dunha copia da resolución do tribunal nomeado polo departamento;
- recepción da documentación solicitada;
- escrito ao profesor no que o TG lle solicita información sobre o tema;
- novo escrito ao profesor no que o TG lle solicita un informe;
- entrevista do profesor co defensor universitario;
- informe do profesor;

- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non enviará o exame a outra universidade porque o procedemento respectou a lexislación vixente e co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 13/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado remitido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade;
- solicitude dunha copia da resolución do tribunal nomeado polo departamento;
- recepción da documentación solicitada;
- escrito ao profesor no que o TG lle solicita información sobre o tema;
- novo escrito ao profesor no que o TG lle solicita un informe;
- entrevista do profesor co defensor universitario;
- informe do profesor;
- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non enviará o exame a outra universidade porque o procedemento respectou a lexislación vixente e co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 14/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado remitido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade;
- solicitude dunha copia da resolución do tribunal nomeado polo departamento;
- recepción da documentación solicitada;
- escrito ao profesor no que o TG lle solicita información sobre o tema;
- novo escrito ao profesor no que o TG lle solicita un informe;
- entrevista do profesor co defensor universitario;
- informe do profesor;
- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non enviará o exame a outra universidade porque o procedemento respectou a lexislación vixente e co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 15/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado remitido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade;
- solicitude dunha copia da resolución do tribunal nomeado polo departamento;
- recepción da documentación solicitada;
- escrito ao profesor no que o TG lle solicita información sobre o tema;
- novo escrito ao profesor no que o TG lle solicita un informe;
- entrevista do profesor co defensor universitario;
- informe do profesor;
- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non enviará o exame a outra universidade porque o procedemento respectou a lexislación vixente e co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 16/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado remitido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade;
- solicitude dunha copia da resolución do tribunal nomeado polo departamento;
- recepción da documentación solicitada;
- escrito ao profesor no que o TG lle solicita información sobre o tema;
- novo escrito ao profesor no que o TG lle solicita un informe;
- entrevista do profesor co defensor universitario;
- informe do profesor;
- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non enviará o exame a outra universidade porque o procedemento respectou a lexislación vixente e co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 17/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado remitido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade;
- solicitude dunha copia da resolución do tribunal nomeado polo departamento;
- recepción da documentación solicitada;
- escrito ao profesor no que o TG lle solicita información sobre o tema;
- novo escrito ao profesor no que o TG lle solicita un informe;
- entrevista do profesor co defensor universitario;
- informe do profesor;
- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non enviará o exame a outra universidade porque o procedemento respectou a lexislación vixente e co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 18/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: avaliación curricular dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito á interesada no que o TG lle comunica que non detectou ningunha irregularidade na aplicación da avaliación curricular e que trasladará á vicerreitoría correspondente as supostas irregularidades apreciadas no comportamento do profesor.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 19/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: avaliación curricular dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito á interesada no que o TG lle comunica que non detectou ningunha irregularidade na aplicación da avaliación curricular e que trasladará á vicerreitoría correspondente as supostas irregularidades apreciadas no comportamento do profesor.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 20/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado remitido pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade;
- solicitude dunha copia da resolución do tribunal nomeado polo departamento;
- recepción da documentación solicitada;
- escrito ao profesor no que o TG lle solicita información sobre o tema;
- novo escrito ao profesor no que o TG lle solicita un informe;
- entrevista do profesor co defensor universitario;
- informe do profesor;
- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non enviará o exame a outra universidade porque o procedemento respectou a lexislación vixente e co que pecha o expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 21/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: problemas na avaliación curricular, e comportamento dun profesor.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado como representante do alumnado;
- escrito ao interesado no que o TG lle comunica que non detectou ningunha irregularidade na aplicación da avaliación curricular;
- solicitude de informes sobre o comportamento do profesor ás direccións do departamento e do centro correspondentes;
- remisión dos devanditos informes á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e un escrito no que o TG informa das reclamacións.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 22/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: problemas cunha bolsa do MECD, cunha bolsa comedor e coa matrícula.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- comunicación de inicio de expediente e solicitude de información.

SEN RESPOSTA.

Exp. 23/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: solicitude de revisión do último exame dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito de comunicación de inicio de expediente, no que se transcribe o contido do artigo 18 do Regulamento de estudantes, para que comprobe se seguiu os distintos pasos, lle comunique ao TG se quere continuar coa súa aplicación, e, de ser o caso, lle envíe unha copia da resposta do tribunal nomeado polo departamento correspondente.

SEN RESPOSTA.

Exp. 24/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: solicitude de revisión do exame dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- solicitude ao departamento correspondente das copias seladas do exame e dos criterios de avaliación;
- envío da documentación a outra universidade;
- recepción do exame corrixido;
- escritos ao interesado e ao departamento no que o TG lles comunica a decisión do tribunal externo de manter a cualificación.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 25/14

COLECTIVO: PDI

TEMA: queixa polos sucesos acaecidos nunha aula durante a celebración da festa de San Xosé.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- recomendación ao reitor cunha copia do escrito do interesado;
- envío ao interesado de copia da recomendación ao reitor;
- solicitude de informe á Secretaría Xeral;
- envío ao decanato do informe e da copia do escrito recibido da Secretaría Xeral no que informa das medidas adoptadas.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 26/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: queixa pola actuación dun profesor durante a reunión do Consello de Departamento

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación;
- escrito da interesada no que comunica a súa baixa no Consello de Departamento e deixa sen efecto a reclamación presentada;
- acuse de recibimento e notificación de arquivo do expediente.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 27/14

COLECTIVO: PDI

TEMA: queixa pola actuación dun profesor durante a reunión do Consello de Departamento.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación;
- novo escrito da interesada sobre supostas inxurias.

SEN RESPOSTA.

Exp. 28/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: solicitude da repetición das eleccións a reitor

DOCUMENTACIÓN:

- escrito das persoas interesadas;
- escrito do TG ás persoas interesadas no que lles comunica o inicio do expediente e lles solicita documentación.

SEN RESPOSTA.

Exp. 29/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: solicitude de concesión de “apto por compensación” en dúas materias

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- escrito do TG no que lle comunica ao interesado o inicio de expediente e lle solicita unha copia da resolución denegatoria da avaliación curricular.

SEN RESPSTA.

Exp. 30/14

COLECTIVO: PDI

TEMA: denuncia dos feitos acaecidos no transcurso dunha reunión do Consello do Departamento.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- escrito do TG ao interesado no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación;
- novo escrito do interesado no que solicita a apertura dun expediente ao director do departamento;
- dous novos escritos do interesado nos que denuncia a un PAS e irregularidades no departamento;
- escrito do TG ao interesado no que lle comunica que non é a súa función abrir expedientes informativos, cousa que lle corresponde só ao reitor, e no que lle comunica que, dado que a Administración en ningún momento vulnerou os seus dereitos, dáse por concluído o expediente;
- Entrevista do interesado co defensor universitario.

RESPSTA: negativa.

Exp. 31/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: denegación do cambio da data dun exame por un motivo xustifico.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- entrevista entre o vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, o Defensor Universitario e o profesor correspondente;
- entrevista do interesado co defensor universitario;
- novo escrito do interesado no que achega unha copia da resolución negativa do centro;
- escrito do interesado no que lle comunica ao TG ter recibido unha resolución da Vicerreitoría de Estudantes favorable á concesión dunha nova data de exame.

RESPSTA: positiva.

Exp. 32/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: queixa polas condicións de defensa dun Traballo Fin de Grao.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación.

SEN RESPSTA.

Exp. 33/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dun exame.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- escrito do TG ao interesado no que lle comunica o inicio do expediente, pendente do resultado do exame;
- escrito do TG ao interesado informándolle das xestións feitas polo defensor universitario ante varios órganos do equipo reitoral para que se tomen as medidas oportunas.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 34/14

COLECTIVO: PDI

TEMA: denuncia de graves acusacións nas listas de correo da Universidade de Vigo.

DOCUMENTACIÓN:

- escritos da interesada;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación;
- novo escrito da interesada no que denuncia un conflito na coordinación dunha materia compartida con outro profesor;
- escrito do TG no que reitera a solicitude das copias das respostas dos outros órganos aos que se dirixiu.

SEN RESPOSTA.

Exp. 35/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: queixa de varios estudantes sobre o comportamento dun profesor.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito dos interesados;
- escrito do TG ás persoas interesadas no que lles comunica o inicio do expediente e lles solicita documentación;
- informe do profesor;
- escrito da decana do centro no que informa dos feitos e comunican que lles respondeu aos estudantes e informou á reitoría.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 36/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: queixa de varios estudantes sobre o comportamento dun profesor.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito dos interesados;
- escrito do TG ás persoas interesadas no que lles comunica o inicio do expediente e lles solicita documentación.

SEN RESPOSTA.

Exp. 37/14

COLECTIVO: PAS.

TEMA: desconformidade coa aplicación das condicións dunha bolsa.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- solicitude de informe á ORI;

- informe da ORI;
- escrito á interesada no que o TG lle comunica que non foron vulnerados os seus dereitos segundo a normativa vixente, pero que se recomendará que a convocatoria das bolsas de colaboración se adapte mellor aos horarios dos bolseiros;
- recomendación á ORI.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 38/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: problemas coa matrícula.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación.

SEN RESPOSTA.

Exp. 39/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: solicitude de matrícula fóra de prazo.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- escrito do TG ao interesado no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación.

SEN RESPOSTA.

Exp. 40/14

COLECTIVO: PDI.

TEMA: simultaneidade entre dúas titulacións de grao.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación;
- novo escrito da interesada no que comunica que o Consello de Goberno non admitiu a trámite o seu recurso e no que achega documentación;
- escrito á Secretaría Xeral no que o TG lle solicita unha copia da documentación correspondente ao recurso presentado pola interesada;
- recepción da documentación que se solicitou;
- informe do TG ao reitor;
- envío á interesada dunha copia do antedito informe, e escrito no que o TG conclúe as súas actuacións.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 41/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dun traballo.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación.

SEN RESPOSTA.

Exp. 42/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dun exame.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- solicitude das copias do exame e os criterios de avaliación ao departamento correspondente;
- informe do departamento no que comunica que o alumno concorreu a exame na convocatoria de xuño e aprobou;
- escrito do TG no que lle comunica ao interesado que recibiu o informe do departamento e conclúe as actuacións.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 43-14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dun exame.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado, remitido pola Vicerreitoría de Estudantes;
- solicitude ao departamento correspondente das copias do exame e dos criterios de avaliación;
- remisión por parte do departamento da documentación solicitada;
- remisión da documentación a outra universidade;
- recepción do exame corrixido, cunha puntuación superior;
- remisión dun escrito ao reitor para que modifique a nota na acta;
- remisión ao departamento dunha copia do escrito dirixido ao reitor;
- remisión dun escrito ao interesado no que o TG lle comunica o cambio de nota;
- escritos do TG ao departamento e ao interesado no que aclara que a nota corresponde só ao exame escrito e que é necesario calcular a media coas prácticas para acadar a nota final, que é a que ten que figurar na acta.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 44/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: solicitude de modificación nas actas da nota dunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- escrito do TG ao interesado no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación.

SEN RESPOSTA.

Exp. 45/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dun exame.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- solicitude ao departamento correspondente das copias do exame e dos criterios de avaliación;
- remisión por parte do departamento da documentación solicitada;
- remisión do exame e dos criterios de avaliación a outra universidade;
- resposta da universidade informando da imposibilidade de formar un tribunal dada a complexidade de materia;

- escrito ao interesado e á dirección do departamento correspondente, no que o TG lle comunica a imposibilidade de formar un tribunal avaliador externo, polo que conclúe as súas actuacións.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 46/14

COLECTIVO: PDI.

TEMA: solicitude de apertura de expediente a un profesor.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- escrito do TG ao interesado no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación.

SEN RESPOSTA.

Exp. 47/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: revisión dun exame.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- solicitude ao departamento correspondente das copias do exame e dos criterios de avaliación;
- remisión por parte do departamento da documentación solicitada;
- envío a outra universidade das copias do exame e criterios de valoración;
- recepción da corrección do exame xunto cun informe dos profesores correctores;
- escrito ao reitor para que se modifique a nota na acta;
- escrito ao director do departamento no que o TG lle comunica a modificación de nota e lle envía unha copia do informe.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 48/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: problemas co número de créditos por curso.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito dos interesados;
- solicitude dun informe á Vicerreitoría de Estudantes;
- informe da vicerreitoría no que comunica que chegou a un acordo para que os estudantes afectados poidan rematar os seus estudos no vindeiro curso 2015-2016;
- escrito aos interesados no que o TG lles comunica o contido do informe e pecha as súas actuacións.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 49/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: imposibilidade de compatibilizar os estudos de terceiro ciclo cun mestrado.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito á interesada no que o TG a informa da aplicación do artigo 3.7 da Normativa de permanencia.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 50/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: problemas coa simultaneidade de dúas titulacións.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica o inicio do expediente e lle solicita documentación;
- remisión, por parte da alumna, da documentación solicitada;
- solicitude de informe á Vicerreitoría de Estudantes;
- escrito da vicerreitoría no que lle comunica ao TG que se poñen en contacto co servizo implicado para que permita a simultaneidade;
- escrito do TG á interesada no que lle achega unha copia do informe e conclúe as súas actuacións.

RESPOSTA: positiva.

Exp. 51/14

COLECTIVO: PDI.

TEMA: Desconformidade coa puntuación acadada nas listas de agarda de persoal docente interino.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- comunicación do inicio do expediente;
- escrito do TG ao interesado no que conclúe as súas actuacións, xa que considera que non se vulnerou a normativa nin os criterios de avaliación fixados.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 52/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: non concesión da avaliación curricular nunha materia.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito da interesada;
- comunicación do inicio do expediente;
- escrito do TG á interesada no que lle comunica que non se vulneraron os seus dereitos e conclúe as súas actuacións.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 53/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: xestión da convocatoria dos Premios Extraordinarios de Doutoramento.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- solicitude de informe á Sección de Posgrao e Formación Continua;
- escrito ao coordinador para que lle indique ao TG por qué non informou ao interesado das datas de solicitude do premio extraordinario de doutoramento no tempo e na forma axeitados;
- reposta do coordinador;
- escrito do TG ao director da EIDO no que lle solicita información sobre a falta de resposta ao interesado;
- escrito do TG ao interesado no que lle relata as actuacións levadas a cabo;
- escrito do TG ao interesado no que lle comunica que envía unha recomendación á Sección de Posgrao e Formación Continua para que modifique o sistema de comunicación cos interesados.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 54/14

COLECTIVO: PAS.

TEMA: denegación dunha licenza.

DOCUMENTACIÓN:

- escrito do interesado;
- solicitude de informe ao Vicexerente de Recursos Humanos;
- entrevista do vicexerente co defensor universitario;
- informe da Vicexerencia de Recursos Humanos;
- escrito do TG ao interesado no que lle achega unha copia do informe da vicexerencia e conclúes as súas actuacións, ao non considerar vulnerados os seus dereitos.

RESPOSTA: negativa.

Exp. 55/14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: denuncia das inxurias recibidas polos estudantes da ETS de Enxeñería de Minas por parte doutro alumno.

DOCUMENTACIÓN:


- escrito dos interesados;
- escrito do TG aos interesados no que desestima as súas peticións, por tratarse dun problema suscitado dentro do sector do alumnado que afecta ás relacións interpersoais, pero que en ningún momento supuxo unha actuación da administración contraria á normativa vixente. Sen embargo, o TG propón unha mediación entre as partes e o defensor ofrécese como mediador.

RESPOSTA: negativa.

ESTADÍSTICAS


A) Número de expedientes por sectores

Número total de expedientes: 55	%
Sector estudiantes: 45	81,8
Sector PDI: 8	14,6
Sector PAS: 2	3,6




B) Tipos de respuestas efectuadas

Número total de expedientes: 55	%
Positivas: 13	23,6
Negativas: 28	50,9
Sen resposta: 14	25,5



C) Número de expedientes por campus

Número total de expedientes: 55	%
VIGO: 44	80,0
OURENSE: 6	10,9
PONTEVEDRA: 5	9,1



C) Por temáticas obxecto de expedientes

- Revisión exame (16)
- Comportamento dun profesor (5)
- Avaliación curricular (5)
- Problemas coa matrícula (5)
- Simultaneidade de estudos (4)
- Bolsas (2)
- Recoñecemento créditos (2)
- Inxurias (2)
- Cualificación do Traballo Fin de Grao
- Chamamento CC. do Deporte
- Devolución importes varios proxectos investigación
- Irregularidades nunha materia
- Celebración festa de S. Xosé
- Reclamación eleccións Reitor
- Denegación cambio data exame por motivo xustificado
- Condicións de defensa do Traballo Fin de Grao
- Graves acusacións nas listas de correo da Universidade de Vigo
- Modificación dunha nota nas actas
- Problemas co número de créditos por curso nunha titulación
- Desconformidade coa puntuación acadada nas listas de agarda de persoal docente interino
- Xestión da convocatoria dos Premios Extraordinarios de Doutoramento
- Problemas coa concesión dunha licenza

5. OUTRAS ACTUACIÓNS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Neste apartado recóllense unha serie de actuacións levadas a cabo e que son consecuencia desas outras funcións de conciliación, información, consulta e proposta inherentes ao tribunal.

Entre estas actuacións destacan, en primeiro lugar, as consultas, mediacións ou recomendacións practicadas, que teñen a súa orixe na maioría dos casos nos procesos de tramitación e resolución dos expedientes presentados. Moitas destas actuacións concréntanse na realización de entrevistas na sede do tribunal ou noutros escenarios e dependencias universitarias.

No apartado de entrevistas cabe subliñar que o defensor mantivo no ano 2014 un número significativo de reunións e encontros, na maioría dos casos co alumnado, pero tamén con profesorado, PAS, persoal directivo, membros do equipo de goberno, reitor, directores de centro, decanos, representantes sindicais, etc. En determinadas ocasións, e sempre que as circunstancias o aconsellaron, outros membros do TG participaron nas entrevistas. Algunhas delas tiveron como finalidade principal informar acerca do contido, procedemento e alternativas relacionadas cos asuntos obxecto da reclamación, queixa ou consulta presentadas; outras entrevistas estiveron orientadas á busca e posta en marcha dun procedemento que permitira a mediación e a xestión dun conflito suscitado; outros encontros, en cambio, só pretendían mellorar a comunicación cos distintos actores que integramos o sistema institucional universitario, a fin de acadar unha mellor cooperación, coordinación e información entre as partes.

No apartado de recomendacións e propostas formuladas, todas elas encamiñadas sempre á mellora do noso sistema universitario, cabe destacar as seguintes:

- a) Recomendación dirixida ao decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para que se introduza na memoria da titulación do Grao en Administración de Empresas a posibilidade de validación de créditos pola experiencia laboral e profesional acreditada, segundo os reais decretos 1393/2007 e 861/2010, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- b) Recomendación dirixida ao Sr. Reitor Magnífico para que, no uso das súas competencias, inste aos órganos administrativos afectados a evitar demoras inxustificadas nas súas respostas para evitar prexuízos aos administrados.
- c) Recomendación dirixida ao Sr. Reitor Magnífico en relación coa queixa presentada por un profesor polos feitos acaecidos na Facultade de Económicas e Empresariais do Campus de Vigo durante a celebración da festa de San Xosé, ao considerar que son

feitos graves que atentan contra a integridade física das persoas e contra a súa dignidade (dereitos fundamentais que deben ser garantidos).

- d) Recomendación dirixida á responsable da Oficina de Relacións Internacionais, como consecuencia da queixa dunha alumna que non pode compatibilizar os seus estudos cunha bolsa de colaboración na devandita oficina a causa do horario.
- e) Recomendación dirixida ao Sr. Xerente motivada pola queixa dunha traballadora desta universidade relacionada co dereito á conciliación da vida profesional coa persoal e familiar para as persoas con cargas familiares.
- f) Recomendación dirixida á Secretaría Xeral en relación coas eleccións á Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo, para que esta garanta que os horarios de votacións se adapten ao horario laboral de todo o electorado, sen obrigar en ningún caso a ningunha persoa a utilizar o voto por correo, que, segundo se recolle na lexislación, é unha opción voluntaria.
- g) Recomendación dirixida ao Xefe da Sección de Posgrao e Formación Continua para que estude a posibilidade de revisar o actual sistema de información e comunicación dos premios extraordinarios de doutoramento, de tal xeito que garantan que os interesados poidan recibir no tempo e na forma axeitados, e con todas as garantías, a información pertinente.

Outras actuacións levadas a cabo no ano 2014 están relacionadas directamente con aspectos que atinxen á dimensión loxística e operativa do tribunal: mellora da páxina web e distribución periódica de trípticos nos máis de 30 escenarios ou centros desta universidade, co obxectivo de proporcionar un maior coñecemento e visibilidade do tribunal.

6. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ACTIVIDADE EXTERIOR DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Ademais das modalidades de actuación descritas, o TG está levando a cabo nos últimos anos outro tipo de actividades que veñen esixidas, tanto pola natureza e as funcións do propio tribunal como polo contexto espacial e temporal onde as ditas funcións se desenvolven: as relacións institucionais e a actividade exterior. O obxectivo é reforzar a cooperación tanto no ámbito da nosa comunidade autónoma como nos ámbitos español, europeo e global, a prol dunha maior información e do traballo en rede. No marco destas relacións institucionais e acción exterior, o TG foi incorporándose nos últimos anos a distintas organizacións nacionais e internacionais e mantén nelas unha presenza activa.

Entre as entidades ás que pertence o TG cómpre destacar as seguintes:

a) A Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU), da que o TG é membro fundador, foi creada o 26 de outubro de 2007 e dela forman parte na actualidade máis de 65 defensorías universitarias. A CEDU organiza con carácter anual unha asemblea ou congreso, no que os membros abordan cuestións substantivas relacionadas coa dinámica universitaria e que inciden no ámbito de actuacións da figura do defensor universitario. No mes de outubro do 2014 tivo lugar en Badajoz o congreso anual, no que o presidente do TG participou no proceso de estudo e debate de catro relatorios presentados sobre os seguintes temas: “Asignaturas con resultados anómalos”, “Copia, fraude intelectual, derechos de autor y propiedad intelectual”, “Procesos de anulación de matrícula y devolución de importes” e “Las defensorías universitarias en el ámbito iberoamericano”. A CEDU tamén dispón dunha sede virtual e outros recursos que permiten manter unha comunicación permanente entre os seus membros, que intercambian información, documentos e experiencias relacionadas cos temas máis recorrentes da axenda das defensorías.

b) A European Network of Ombudsmen in Higher Education (ENOHE) naceu en 2003 por iniciativa de Kristl Holtrop, *ombudsman* da Universidade de Ámsterdam. Como rede informal, a ENOHE está aberta a todos os defensores universitarios de Europa e doutras partes do mundo; o seu obxectivo principal é compartir coñecementos e experiencias e fortalecer a institución coa finalidade de mellorar a gobernanza dos nosos sistemas universitarios. Desde hai unha década vén celebrando un encontro anual onde os seus membros debaten temas relacionados coa axenda das defensorías universitarias e coa aplicación do Espazo Europeo de Educación Superior. O TG participa regularmente nestes encontros; no mes de maio do 2014 celebrouse en Varsovia (Polonia) a 11th Annual

Conference da ENOHE referida a “*Higher Education Ombudsmen and Empowerment: how to make it work*”, na que participou o defensor. O TG, a través do seu presidente, forma parte da súa Comisión Executiva (*Steering Group*). No marco destas relacións tivo lugar a estadia na Universidade de Vigo de dúas funcionarias da Defensoría Universitaria (*Center for Disputes and Conflicts Resolution*) da Universidade de Varsovia, dentro do Programa Erasmus para formación do PAS, na primeira semana de maio de 2014.

c) A Red de Defensores, Procuradores y Titulares de Organismos de Derechos Universitarios Mexicanos (REDDU) naceu no ano 2005 coa integración de universidades mexicanas. A estrutura da REDDU contempla que, ademais destes asociados regulares, figuren asociados honorarios, asociados asimilados e observadores, o que permite que participen na rede defensores universitarios doutros países como España, Bélxica, Austria, Canadá, Australia, USA e outros moitos de Latinoamérica. O TG forma parte desta rede como membro asociado honorario. Trátase da organización máis activa no contexto de toda a área latinoamericana, o que facilita o enlace e a comunicación cos defensores de toda a rexión.

d) A Rede de Defensores Universitarios de Galicia (REDUGA) creouse en 2013 co obxectivo de potenciar as relacións entre as tres defensorías universitarias galegas; dende entón vén funcionando con total normalidade, o que permite incidir de maneira máis eficaz sobre aqueles asuntos que son comúns ao conxunto do Sistema Universitario de Galicia.

Cómpre subliñar tamén os contactos mantidos coa oficina do Valedor do Pobo da nosa comunidade, coa finalidade de mellorar as relacións coa dita institución; estes contactos concretáronse na sinatura dun convenio de colaboración entre o Valedor do Pobo e a REDUGA, o 28 de maio de 2014 na sede do Valedor do Pobo de Santiago de Compostela (o texto do Convenio pode consultarse na páxina web do TG). A aplicación deste Convenio fará posible, entre outras vantaxes e prestacións, que:

- cando o Valedor do Pobo reciba algunha queixa ou reclamación referida a unha das universidades, porá o tema no coñecemento desta;
- cando as universidades reciban algunha queixa ou reclamación que sobrepase as súas funcións ou os medios dos que dispón para dar unha solución, poderá dirixirse ao Valedor do Pobo solicitando asesoramento ou recomendar ao interesado que dirixa a queixa directamente ao valedor;
- se aborden conxuntamente varios temas de índole xeral que atinxen ás universidades, como as probas de selectividade do SUG, para que se adapte o calendario destas probas ao do curso universitario.

Por último, é preciso facer referencia aos contactos mantidos cos nosos colegas do norte de Portugal (os “provedores do estudante”), e que están encamiñados a acadar unhas relacións

flúidas e estables. En xuño do ano 2014 tivo lugar un encontro na Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro entre os defensores de Galicia e os provedores portugueses. Está previsto un próximo encontro en Vigo, no que entre outros asuntos se tratará a creación dunha Rede de Defensores-Provedores Universitarios da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

**7. ORZAMENTO DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS
(EXERCICIO 2014)**

Aplicacion	Ejercicio	Organica	Funcional	Capitulo	Articulo	Concepto	Subconcepto	Credito inicial	Credito Definitivo	Credito Disponible
201400TG421S22	2014	00TG	421S	2	2			9.000,00	9.000,00	6.948,65
201400TG421S22609	2014	00TG	421S	2	2	6	09			
201400TG421S22699	2014	00TG	421S	2	2	6	99			
201400TG421S22709	2014	00TG	421S	2	2	7	09			
201400TG421S22601	2014	00TG	421S	2	2	6	01	4.000,00	4.000,00	3.734,20
201400TG421S22601	2014	00TG	421S	2	2	6	01			
201400TG421S22602	2014	00TG	421S	2	2	6	02	3.000,00	3.000,00	3.000,00
201400TG421S23	2014	00TG	421S	2	3			8.000,00	8.000,00	6.035,93
201400TG421S230	2014	00TG	421S	2	3	0				
201400TG421S23001	2014	00TG	421S	2	3	0	01			
201400TG421S23002	2014	00TG	421S	2	3	0	02			
201400TG421S23003	2014	00TG	421S	2	3	0	03			

Total Orzamento	24.000,00
Total Gastos	4.281,22
Remanente	19.718,78

8. COMENTARIO XERAL RELATIVO AO CONTIDO DESTE INFORME

Despois de ter exposto as actuacións levadas a cabo por este tribunal, procede efectuar unha serie de consideracións finais encamiñadas a comentar, interpretar e explicar os feitos e cifras presentadas.

- Constatamos a consolidación da tendencia, iniciada nos últimos anos, no senso de producirse un forte incremento no número de actuacións levadas a cabo por parte do TG. Este incremento queda claramente reflectido, en primeiro lugar, no número de expedientes abertos, pasando dos 25 do ano 2011 aos 58 do 2012, e aos 66 do ano 2013; no ano 2014 a cifra, aínda que se reduce levemente, acada os 55 expedientes, polo que se pode falar tamén de estancamento. Esta tendencia tamén se reflicte, en segundo lugar, tanto no alto número de entrevistas realizadas como no número de recomendacións e propostas formuladas, así como noutras actuacións efectuadas noutros ámbitos como o das relacións institucionais. O incremento sostido no número de intervencións é unha mostra de que o TG non só continúa a ser unha instancia prestixiosa e fiable, senón que tamén está acadando unha maior visibilidade e accesibilidade dentro do noso sistema universitario. A percepción da súa utilidade constitúe cada vez máis un feito incontestable. Pero esta percepción pode mellorar, pois aínda quedan sectores da comunidade universitaria que non utilizan os servicios e prestacións do TG de xeito adecuado; e tamén advertimos unhas disparidades moi notorias por campus, tal como se reflicte na estatística deste informe (de 55 expedientes tramitados, un total de 44 corresponden só ao campus de Vigo). En todos estes escenarios e sectores o TG ten que mellorar a súa presenza e imaxe.

- No que atinxe á distribución por sectores, advírtese que a maioría dos expedientes e asuntos tratados están referidos ao alumnado (81,8%), seguido a bastante distancia polo profesorado (14,6%) e aínda moito máis polo persoal de administración e servizos (só un 3,6%). Este comportamento –que é moi semellante ao que acontece no resto das defensorías universitarias españolas- segue a ser moi similar ao dos anos anteriores, e segue amosando como dato máis sobresaínte esa baixísima (case testemuñal) porcentaxe de asuntos presentados polo sector PAS ante o tribunal. Entendemos que son dous os motivos: que este sector canaliza moitas das súas reclamacións a través dos seus representantes sindicais, para o que dispón dunha maior información e interlocución; que determinadas queixas ou conflitos suscitados son trasladados a outros órganos ou instancias desta universidade, e que comparten co TG este tipo de funcións (Comisión de Intervención e Resolución de Conflitos, Servizo de Queixas, Suxestións e Parabéns, Unidade de Igualdade, etc.). Este comportamento esténdese tamén ao sector PDI.

- Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados coa revisión de exames (16), avaliación curricular (5), problemas coa tramitación da matrícula (5), comportamento inadecuado do profesorado (5) e simultaneidade de estudos (4). Respecto ao profesorado apréciase que as súas principais preocupacións están relacionadas con situacións de acoso laboral e conflitos interpersoais, acusacións e inxurias nas listas de correo da Universidade de Vigo, ou desconformidade coa puntuación acadada nas listas de agarda. Por último, o persoal de administración e servizos nos seus escritos remitidos ao tribunal solicita a súa intervención en relación coa concesión de licenzas por estadía e por desconformidade coa aplicación das condicións dunhas bolsas. Independentemente dos escritos de queixa presentados, e no transcurso de varias entrevistas mantidas co defensor, distintas persoas pertencentes a estes dous últimos colectivos veñen manifestando a súa preocupación por estes comportamentos relacionados con situacións de acoso e insultos vertidos nas listas de correo da nosa universidade.

- Cómpre sinalar tamén as recomendacións e propostas formuladas, que derivan tanto das reclamacións ou queixas presentadas como das iniciativas promovidas polo propio tribunal. Nelas sinálanse os problemas e puntos débiles detectados, propóñense solucións e pautas a seguir e tamén se suxiren actitudes e valores que deben informar o conxunto de relacións entre os distintos actores que conforman a comunidade universitaria. Como resultado destas recomendacións xa foron adoptados varios acordos e xa se aprobaron algunhas normativas e instrucións.

- Tal como se desprende do apartado sexto do informe, pódese apreciar como ao longo do pasado ano tamén se potenciaron de xeito destacado as relacións institucionais e a actividade exterior do tribunal. Un dos feitos máis salientables neste ámbito é a sinatura do convenio de colaboración co Valedor do Pobo da nosa comunidade, así como os contactos mantidos cos Provedores do Estudante da rexión norte de Portugal.

9. BALANCE FINAL DE CATRO ANOS DE MANDATO

Como se dicía ao inicio desta exposición, este informe, e por tratarse do último que se presenta dentro deste primeiro mandato, ten que ter esa outra dimensión e contido: facer balance dos catro anos de actuacións. Render contas do que se fixo, e tamén do que se deixou de facer, tendo como referente principal tanto as obrigas inherentes ao cargo como as promesas e compromisos formulados no momento de acceder ao mesmo.

En canto ás nosas promesas e compromisos cómpre remitirse ao contido do discurso pronunciado con ocasión da nosa primeira comparecencia ante o Claustro. Aquel día expuxemos, de xeito claro e preciso, as nosas ideas, programa e intencións.

Comezamos afirmando que todo programa viña condicionado, en primeiro lugar, pola natureza e funcións do cargo asumido, polo que tratándose dunha institución de garantías prometemos estar firmemente comprometidos co noso ordenamento xurídico, cos dereitos e liberdades das persoas, coa súa dignidade e cos seus lexítimos desexos de mellora e calidade.

Diciamos daquela que, se ben as nosas actuacións comprenden a todos os membros da comunidade universitaria, era preciso ter en conta que a figura do *ombudsman*, do valedor, do defensor (unha prolongación do tribuno da plebe romano), sempre se ocupou moi especialmente daqueles a quen, pola súa posición, resúltalles máis difícil facer oír a súa voz, ou non poden alzala o suficiente como para ser escoitada. O alumnado ocupou, neste senso, un lugar preferente na nosa axenda, ao considerarmos que constitúe a parte máis indefensa e vulnerable, a máis atomizada e desinformada no conxunto da nosa comunidade universitaria; sendo, por outra parte, a que dá sentido e razón de ser á institución da que formamos parte.

En segundo lugar, e partindo da premisa de que as sinerxías e a vontade de facer as cousas xuntos constitúen un requisito de boa gobernanza, manifestamos a nosa intención de contribuír a mellorar a confianza, a lealdade, a comunicación, a colaboración e a coordinación entre os distintos órganos e actores que integramos o sistema institucional da universidade. Somos vasos comunicantes e interdependentes dun mesmo sistema, non compartimentos estanco. En todas as nosas intervencións, incluíndo as comparecencias ante o Claustro, deixamos constancia da nosa perseveranza respecto desta idea e obxectivo: mellorar o noso capital social. Fomos sempre proactivos, tomando a iniciativa á hora de concertar encontros e reunións con todas aquelas persoas implicadas –directa e indirectamente- no proceso de goberno, xestión e administración da nosa universidade. O alto número de entrevistas e conversas telefónicas mantidas durante estes anos dan fe de todo iso.

En terceiro lugar, e sendo conscientes de que vivimos en sociedades abertas, interdependentes e globalizadas, propuxémonos conectar e traballar en rede co resto das

defensorías. Tal como se desprende do contido dos informes destes últimos catro anos, a potenciación das relacións institucionais e actividade exterior do TG constitúe unha das súas realizacións máis salientables. Estas actividades están encamiñadas, por unha parte, a mellorar a imaxe e a marca do TG -e tamén da Universidade de Vigo- no exterior e, por outra parte, a reforzar a cooperación tanto no ámbito da nosa comunidade como no ámbito español, europeo, iberoamericano e global. A opción por esta metodoloxía está posibilitando unha maior información e coñecemento, un traballo en rede e unhas sinerxías que nos permiten ser mellores no desempeño da nosa tarefa de defensores, nun escenario cada vez máis globalizado, multinivel e extremadamente cambiante e complexo; e está posibilitando tamén – e nun exercicio de solidariedade internacional- contribuír á defensa dos dereitos universitarios noutras rexións do planeta onde aqueles son conculcados sistematicamente.

Neste período o TG afianzou a súa pertenza á Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), formando parte da súa Comisión Executiva durante dous anos; fortaleceu os seus vínculos coa Rede de Defensores Universitarios de México (REDDU) e coa Rede de Defensores Universitarios Europeos (ENOHE); tomou a iniciativa na creación da Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA); asinou un convenio -xunto cos outros valedores universitarios de Galicia- co Valedor do Pobo, e iniciáronse contactos cos defensores universitarios (“provedores do estudante”) do Norte de Portugal. Esta idea de apertura e internacionalización complementábase coa decisión de seguir xogando un papel relevante en todos estes escenarios, o que leva ao TG a asumir funcións directivas e de coordinación (pertenza a varios comités encargados, por exemplo, da creación da Rede Iberoamericana de Defensores Universitarios e de outra rede homónima a nivel mundial), ou a contribuír mesmo a enriquecer a bagaxe teórico-doutrinal da institución das defensorías, convertendo así a súa profesión e oficio en obxecto de investigación e estudo.

Naquela primeira comparecencia tamén dicíamos que un programa está sempre condicionado polas circunstancias e contextos de cada tempo e lugar. Hai catro anos estabamos no epicentro dunha crise cualificada de sistémica, viviamos unhas circunstancias inéditas, uns desafíos que puxeron a proba ás nosas institucións, paradigmas, conceptos, procedementos e capacidades. As múltiples agresións e danos ocasionados pola fonda crise (perda de dereitos e prestacións, redución salarial, precariedade e incerteza no emprego, estres e tensión omnipresente...) orixinaron unha situación de conflito xeneralizado e de crispación. Todo iso, unido a unha actitude cada vez máis reivindicativa e de denuncia, produciu un espectacular incremento de actuacións do TG como consecuencia das reclamacións, queixas e consultas presentadas nestes anos.

O conxunto destas actuacións concrépanse, e tal como queda reflectido nos datos estatísticos recollidos no anexo desta memoria, na tramitación de 190 expedientes, na realización de numerosas entrevistas (máis de 320), de incontables conversas telefónicas e na formulación e presentación de 26 recomendacións.

Non foi fácil xestionar conflitos en circunstancias tan adversas. Intentamos aportar calma e serenidade, solucións e arranxos, legalidade e xustiza, rigor e fiabilidade, e sen renunciar endexamais á imparcialidade, á independencia e á perseveranza. Nestes escenarios tan turbulentos púxose a proba ao TG, e quedou demostrada a súa utilidade para a consecución dunha boa gobernanza do noso sistema universitario. Por esta mesma razón consideramos que aqueles que, anos atrás, mostraban certas reticencias e escepticismo cara a esta institución, teñen agora motivos para cambiar a súa percepción e valorar axeitadamente a función do TG.

Este é o relato dun traballo colectivo levado a cabo por todos os membros deste tribunal; este é o noso exercicio de rendición de contas. Supervisamos actuacións; detectamos ilegalidades, malas prácticas, inercias e rutinas obsoletas e disfuncionais; recomendamos, advertimos, suxerimos e promovemos cambios e melloras; mediamos en situacións de conflito, e sempre que fomos requiridos para iso; relacionámonos e traballamos cooperativamente cos nosos colegas no marco deste escenario global e multinivel. E estas foron, e seguen a ser, as nosas verbas e conceptos chave: persoas, dereitos, legalidade, xustiza, racionalidade, respecto, supervisión, mediación, proposta, dedicación, profesionalidade e traballo en rede.

Procuramos, en definitiva, non defraudar e corresponder á confianza en nós depositada hai agora catro anos. Pero resulta difícil acadar a perfección, por iso mesmo, e tras este exercicio de rendición de contas, queremos pedir desculpas polo que fixemos mal e tamén polo que deixamos de facer, polos erros que puidemos cometer e polas omisións ou indecisións que puideron producirse. Pedimos desculpas por non ter sido capaces de acadar unha maior presenza nos campus de Pontevedra e de Ourense, ou por non concitar un maior interese e reclamo entre os sectores do PAS e PDI, tal como reflicten as estatísticas destes anos; por non ser capaces de cambiar, na medida por nós desexada, esa percepción de reticencia e desconfianza cara ao tribunal, por esa outra de confianza, cooperación e lealdade. Pedimos perdón por non ser, quizais, máis atrevidos e arriscados no tocante á formulación de propostas e recomendacións, aproveitando esa posición estratéxica que ocupa o TG en cuanto observatorio independente e imparcial da vida universitaria; a indecisión ou a compracencia enterraron milleiros de sonos e oportunidades de mellora ao longo da historia de humanidade; gustaríanos, por exemplo, promover a través da CEDU, a reforma ou modificación do

“Regulamento de disciplina académica dos centros oficiais de ensino superior e ensino técnico”, en vigor dende o 8/9/1954 . Queremos expresar tamén a nosa frustración por aquelas situacións nas que, aínda recoñecendo que se cumpría a legalidade, nos quedaba a dúbida de se aquilo concordaba coa idea de xustiza.

Pódese e débese mellorar, entre outras razóns porque cómpre seguir consolidando e prestixiando a institución da defensoría, coa que nos identificamos, e en cuxa vixencia, funcións e potencialidades seguimos confiando totalmente. Para iso necesitamos colaboración e reciprocidade, polo que pedimos que se consideren as reflexións e propostas que a continuación imos expoñer no marco deste informe e balance final de catro anos de mandato:

1) Na primeira comparecencia ante o Claustro expresamos o noso sincero agradecemento ao reitor, ao líder da oposición, aos representantes sindicais, e a todos os claustrais representantes do alumnado, PAS e profesorado; agradecemento tanto pola confianza outorgada á hora de apoiar a nosa candidatura, como por aquel exercicio responsable de diálogo, negociación, concertación e pacto.

Iso posibilitou a nosa elección, e outorgoulle ese *plus* de lexitimidade tan desexable nun contexto de proceso democrático que debe informar sempre o goberno da nosa universidade. E iso puxo fin tamén a un longo período de interinidade na que permaneceu o TG e o seu anterior presidente; demasiados anos sen renovar o cargo, é dicir, moitos anos de deixamento respecto dunha institución que merece respecto e consideración, acorde co seu estatus orgánico, prestixio e prestacións. O noso recoñecemento a todos e todas por facer posible –fai agora catro anos- a volta á normalidade, e moi especialmente ao reitor pola súa decisiva implicación naquela decisión adoptada.

Pois ben, isto mesmo é o que reclamamos agora: volvermos á normalidade despois de estar demasiado tempo (máis dun ano nalgúns casos) sen cubrir as vacantes dos membros do TG que causaron baixa nos últimos meses. Despois de dous intentos frustrados, pedimos ás persoas e instancias implicadas neste proceso (grupo de goberno e grupos da oposición) que garantan a elección destas vacantes. E pedimos tamén que se tome en consideración a circunstancia de que algúns membros do actual TG (incluíndo o seu presidente) finalizan o seu primeiro mandato en breve, polo que cómpre preparar coa suficiente antelación ou ben a súa renovación ou ben o seu relevo.

É certo que o actual escenario político da nosa universidade é un tanto anómalo e atípico, debido a que en circunstancias normais un proceso electoral remata coa constitución dun goberno e, simultaneamente, coa aparición dunha oposición capaz de exercer responsable e construtivamente esa función de crítica, control, discurso e proposta alternativos, e mesmo alternancia e repostos na tarefa de goberno.

A situación actual móstranos unha oposición atomizada, dispersa, diluída, o que dificulta acadar acordos básicos, consensuais e representativos desa realidade plural e diversa que caracteriza a nosa comunidade universitaria. Isto está condicionando o funcionamento xeral da UVigo, e de maneira moi especial o do Tribunal de Garantías, ao estar dificultando o acordo para a designación e elección das vacantes producidas; unha elección, compre lembrar, que esixe maiorías reforzadas (2/3). Fagamos un esforzo entre todos para que tamén nesta orde de cousas retornemos á normalidade, e tendo presente ademais que unha sa cultura democrática nos obriga a perseverar na práctica da deliberación e da negociación, ata acadar a concertación e o acordo.

2) A segunda reflexión está relacionada coa necesidade de suscitar ante o Claustro – máximo órgano de representación e expresión do poder soberano da nosa universidade- a necesidade de abordar responsablemente a modificación ou reforma do Regulamento do Tribunal de Garantías, e aproveitando que está pendente o proceso de adecuación dos Estatutos da Universidade de Vigo á Lei do Sistema Universitario de Galicia. Recoñecendo a importancia desta cuestión, resulta pertinente facer algunhas consideracións ao respecto.

A defensoría universitaria é un órgano obrigatorio e necesario dentro do sistema universitario, e non como consecuencia dunha ocorrencia ou capricho do lexislador de “turno”, senón porque as nosas actuacións, e segundo a propia normativa que nos regula, están dirixidas “á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos”. As defensorías universitarias constitúen, pois, un valor engadido e un factor de boa gobernanza e vincúlense á consecución da calidade e excelencia universitaria. Acabamos de constatar, por outra parte, un espectacular incremento no número de intervencións do TG nos últimos anos; unha tendencia que continuará previsiblemente no futuro próximo. Pois ben, esta é a proposta e petición que lles trasladamos: que as reformas adoptadas fagan posible que a defensoría siga sendo un actor real, operativo e referente na nosa universidade.

O modelo adoptado na nosa universidade é singular e único, se o comparamos co resto das universidades do Estado. En todas elas, a defensa dos dereitos universitarios encoméndase a unha soa persoa (o defensor ou defensora universitaria), asistida, segundo os casos, por adxuntos, asesores, ou comisións asesoras; un modelo, sen dúbida, áxil, nada formalista e operativo, o que concorda plenamente coa natureza e finalidade da propia institución. No caso da Universidade de Vigo optouse por un órgano colexiado integrado polo defensor ou defensora universitaria (que o preside), catro membros en representación do profesorado, dous en representación do alumnado e dous en representación do persoal de administración e servizos; en total nove membros elixidos polo Claustro entre todos os integrantes da comunidade universitaria. Trátase dun modelo que por atípico e singular que pareza, e

mentres o Claustro soberano non decida outra cousa, ten que ser respectado e aproveitado en todas as vantaxes, fortalezas e potencialidades que encerra. E así o fixemos ao longo destes anos. A este Claustro, e máis concretamente á comisión lexislativa encargada da reforma, compete valorar as diferentes opcións existentes e obrar en consecuencia.

Finalizamos esta exposición expresando a nosa gratitude a todas as persoas e organismos que, nun exemplar exercicio de profesionalidade, veñen asegurando ao longo destes anos a gobernabilidade da nosa universidade, e son quen de dar resposta axeitada ás múltiples e complexas demandas activadas. Son moitos os sacrificios que nos últimos anos se veñen esixindo a toda a comunidade universitaria: recortes nas prestacións, escaseza de medios, sobrecarga de traballo, incontinencia normativa. Pese a estas contrariedades, nin o PAS, nin o PDI, nin os órganos de goberno e xestión deixaron de actuar coa competencia e dedicación axeitada. A todos e todas, o noso recoñecemento; e tamén ao noso alumnado e as súas familias, esas outras vítimas propiciatorias dunha crise cruel e desapiadada.

Por último, e na miña condición de defensor e presidente do TG, quero aproveitar a ocasión para expresar publicamente o meu recoñecemento e gratitude a todas as persoas que formaron e forman parte do tribunal, e tamén a Lola Pous, a nosa secretaria administrativa; todas elas, de maneira xenerosa e responsable, fixeron posible levar a cabo todas as actuacións das que nestas comparecencias fomos dando conta.

9. ANEXOS

A) RECOMENDACIONES:

- a) Recomendación dirixida á Comisión Académica do Traballo Fin de Grao da Facultade de Química. O tribunal, e tras levar a cabo varias actuacións para solucionar o problema da valoración dos TFG, considera necesario facer a seguinte Recomendación á citada Comisión:

“1.- O Reitor, con data de 14 de novembro de 2013, e en resposta ao recurso de alzada presentado pola alumna, estimou a súa reclamación e resolveu retrotraer o procedemento ao momento de outorgar as puntuacións, indicando que se reunira a Comisión Académica e procedese a realizar a avaliación consonte aos criterios establecidos e publicados con carácter previo á sesión da Comisión de data de 8 de maio de 2013. Resolución que esgota a vía administrativa e contra a que unicamente se pode interpor recurso ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

2.- A Comisión do Traballo Fin de Grao de Química, en cumprimento da R.R., reúnese o 26 de novembro de 2013 e decide recualificar á alumna outorgándolle unha puntuación de 6.1, o que lle foi comunicado á mesma con data de 26 de decembro de 2013.

3.- Con posterioridade ao acordo da Comisión, a alumna volveu a presentar reclamación ante este Tribunal. Analizada a mesma considérase que, co cálculo desta nova cualificación, non se deu cumprimento á devandita R.R.:

a) Tanto na Guía Docente como na normativa do TFG da Facultade de Química dispónse que a porcentaxe que lle corresponde ao titor é do 30% e á Comisión do 70%, e non “do 30% e do 70% como máximo”, como reiteradamente se sinala nos escritos desa Comisión. Tamén é obrigatorio que a defensa do TFG sexa avaliado polo Tribunal (nese 70%) en base a criterios de avaliación publicados previamente.

b) Na sesión da Comisión Académica do TFG de data de 29 de outubro de 2012 aprobáronse as rúbricas definitivas para as valoracións: da memoria (30 puntos), exposición (20 puntos), defensa (20 puntos). Non sendo publicados outros criterios, e obtendo a alumna as seguintes cualificacións: puntuación outorgada polo titor (28), memoria (21,0), exposición (12,8) e Defensa (10,2), a puntuación total debería ser de 72 puntos sobre 100. Por iso é razoable e lóxico pensar que sobre 10 puntos lle corresponderá un 7,2, e non a realización dunha serie de cálculos non establecidos previamente.

c) Como sinala a Reitoría, o acordo da Comisión académica de aplicar dita fórmula foi aprobado unha vez que os alumnos xa presentaran e defenderan os seus traballos, polo tanto non coñecían o sistema de avaliación que posteriormente aprobaría a Comisión, o que afecta á seguridade xurídica.

d) Por outra parte, e como sinala un dos membros da Comisión no seu voto particular, a Comisión acordou, por maioría, empregar outra fórmula distinta e que era tamén descoñecida previamente polos alumnos, polo que lle parece cuestionable o procedemento seguido. No presente caso tamén entende que a cualificación debería ser de 7,2; criterio compartido tamén por outro membro da comisión.

4.-Debe facerse constar ademais, que á alumna lle foi denegada unha bolsa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte por non alcanzar a nota mínima esixida na convocatoria, e sobre a que ten a posibilidade de presentar alegacións (no caso de que de forma urxente se reparase a cualificación de 6,1 a 7,2 do TFG), nun prazo que expira o 15 de febreiro de 2013. Dita circunstancia amosa os prexuízos que poden derivarse para a alumna, en relación cos feitos motivo da reclamación.

Por último, e como consideración xeral, este Tribunal de Garantías quere deixar constancia de que a nova cualificación, que entendemos debería ser de 7,2, xeraría agravios comparativos, polo que RECOMENDA que a Comisión estude a posibilidade de aplicar o mesmo procedemento a todos os alumnos que defenderon o seu T.F.G. no curso 2012/13".

b) Recomendación dirixida ao Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, e como consecuencia de recibir a reclamación dun alumno ao que lle foi denegada unha solicitude de validacións de materias por experiencia laboral:

“O Tribunal de Garantías, e despois de analizar o contido da reclamación presentada, acorda dirixirse a ese decanato pra instarlle que, coa máxima celeridade posible, e a fin de evitar que no sucesivo ningún alumno volva a ser prexudicado, se proceda á modificación da memoria da titulación de Grao en Administración de Empresas, introducindo a posibilidade de validación de créditos pola experiencia laboral e profesional acreditada; e tal como se contempla nos Reais Decretos 1393/2007 e 861/2010, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais”.

c) Recomendación dirixida ao Sr. Reitor Magnífico tras recibirse no TG unha reclamación relativa á exención de prezos públicos:

“Este Tribunal de Garantías, e unha vez estudado o contido da reclamación, así como os termos da R.R. do 10-03-14, considera que a solicitante ao acollerse á normativa de exención de prezos públicos tiña, certamente, que coñecer as condicións nas que esta se outorga, posto que a ignorancia das leis non escusa o seu cumprimento. Sen embargo, débese

facer constar que a contestación da administración á súa solicitude se fixo con unha demora inxustificada, de tal xeito que se se tivese respondido con anterioridade algúns prexuízos ocasionados á reclamante poderían terse evitado.

En base a estas consideracións, o Tribunal de Garantías acorda dirixirse a esa Reitoría para que, no uso das súas competencias, inste aos órganos administrativos afectados a evitar actuacións similares no futuro”.

- d) Recomendación dirixida ao Sr. Reitor Magnífico como consecuencia da queixa presentada por un profesor polos feitos acaecidos na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo durante a celebración da festa de San Xosé:

“Analizados os devanditos feitos, e considerando que revisten especial gravidade por atender non só contra a integridade física das persoas, senón tamén contra a dignidade das mesmas (dereitos fundamentais que deben ser garantidos), este Tribunal acorda formular as seguintes recomendacións:

En primeiro lugar, e polo que respecta ao caso denunciado, constátase a falta de eficacia da empresa de seguridade contratada pola Universidade de Vigo ao non ser capaz de previr estes incidentes, nin impedir que se produciran, nin unha vez producidos identificar aos autores dos mesmos. Por todo iso recoméndase que se investiguen os feitos denunciados coa finalidade principal de evitar que no futuro volvan a producirse. Dita investigación debería permitir coñecer, entre outros datos, se tanto a convocatoria como o desenvolvemento da festa celebrada o pasado 27 de marzo, se axustaron á normativa que regula o desenvolvemento das festas dos patróns dos centros, aprobada no Consello de Goberno do 21-12-09.

En segundo termo, e de xeito xeral, este Tribunal ten constancia de que tanto os feitos obxecto da reclamación, como outros máis que veñen suscitando certo malestar, lonxe de constituír actuacións illadas e puntuais, veñen sendo reiterativos cada vez que teñen lugar este tipo de celebracións. Este dato obríganos a recomendar a reconsideración das circunstancias en que se levan a cabo estes eventos, os cales deben ser sempre compatibles co normal desenvolvemento das actividades propias da comunidade universitaria, co respecto aos dereitos de todos os seus membros, coa preservación dos bens materiais da institución, así como coa boa imaxe da mesma”.

- e) Recomendación dirixida á Responsable da Oficina de Relacións Internacionais, como consecuencia da queixa recibida dunha alumna que non pode compatibilizar os seus estudos cunha bolsa de colaboración na devandita Oficina, pola diferenza de horarios:

“Que en futuras convocatorias se estude a posibilidade de flexibilizar os horarios, a fin de facilitar a todos os beneficiarios poder cumprir coas esixencias e obxectivos da bolsa (adquisición dunhas habilidades e coñecementos, percepción dunha axuda económica, prestación dun servizo) sen ter que renunciar ás horas de clase, por ser este un imperativo do Plan Bolonia. Por outra parte, e recoñecendo as dificultades reais para modificar ou ampliar a actual franxa horaria de prácticas, sería aconsellable que nas bases de futuras convocatorias se fixese constar con precisión dito horario”.

- f) Recomendación dirixida ao Sr. Xerente como consecuencia do escrito dunha traballadora desta universidade onde facía constar que pode haber unha contradición entre os artigos 46 e 20 do II Convenio Colectivo da Universidade de Vigo. A devandita contradición baséase en que mentres o artigo 46 fala da conciliación da vida profesional coa persoal e familiar para as persoas con cargas familiares, no artigo 20 non se contempla este feito á hora de efectuar cambios provisionais de quenda:

“Este Tribunal de Garantías acorda Recomendar a esa Xerencia que na negociación do vindeiro Convenio Colectivo, se contemple a necesidade de adaptar os criterios e prioridades á hora de efectuar os cambios provisionais de quenda coa conciliación da vida familiar”.

- g) Recomendación dirixida á Secretaría Xeral relativa ás eleccións na Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo:

“Nas pasadas eleccións a representantes na Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo, este Tribunal tivo coñecemento das dificultades do persoal funcionario en quenda de tarde para exercer o seu dereito a voto en igualdade de condicións có persoal en quenda de mañá, xa que non se garantiu que puidese votar en urna dentro do seu horario laboral.

En concreto, tal como se recolle no documento de Proclamación do censo definitivo, presentación de candidaturas, horarios e lugares de votación, de 12 de marzo de 2014, no campus de Pontevedra a urna, itinerante, só estivo a disposición do electorado de 8:30 a 9:30 horas, horario moi afastado das 15:00 horas, nas que comeza a xornada laboral da quenda de tarde. No mesmo caso, aínda que con menor incidencia, atopouse o persoal en quenda de tarde dos campus de Vigo e Ourense, nos que o horario de votación finalizaba ás 15:00 horas, fóra polo tanto da xornada laboral da quenda de tarde.

Por todo isto, e para garantir o cumprimento do Regulamento de eleccións a órganos de representación do persoal da Administración, aprobado polo Real Decreto 1846/1994, de 9 de setembro, e en concreto o seu artigo 17.1, “A votación celebrarase nos centros ou lugares de traballo, na mesa que corresponda a cada elector e durante a xornada laboral”,

este Tribunal de Garantías Recomenda á Secretaría Xeral que, en todas as eleccións a representantes do persoal, garanta que os horarios de votacións se adapten ao horario laboral de todo o electorado, e sen obrigar en ningún caso a ningunha persoa a utilizar o voto por correo, que, segundo se recolle na lexislación, é unha opción voluntaria”.

- h) Recomendación dirixida ao Xefe da Sección de Posgrao e Formación Continua como consecuencia do escrito de queixa recibido neste tribunal, e que fai referencia á non comunicación en tempo e forma a un Doutor dos prazos para presentar a súa solicitude de participación nos premios extraordinarios de doutoramento:

“Polo que se desprende dos propios informes, a canle utilizada para dar publicidade á convocatoria dos devanditos premios demostrouse non ser a máis adecuada, dado que ao remitirse a información aos coordinadores e non directamente aos interesados, era previsible que se producisen fallos como o do caso motivo desta reclamación. Por todo o exposto, este Tribunal de Garantías Recomenda que se estude a posibilidade de revisar o actual sistema de comunicación respecto dos premios extraordinarios de doutoramento, a fin de garantir que os interesados poidan recibir directa e puntualmente a información pertinente”.

B) ESTADÍSTICAS DAS ACTUACIÓNS DE CATRO ANOS DE MANDATO:

a) Expedientes tramitados:

ANO	Nº EXPEDIENTES
2011	25
2012	44
2013	66
2014	55
TOTAL	190

b) Entrevistas realizadas:

ANO	Nº ENTREVISTAS
2011	70
2012	80
2013	90
2014	80
TOTAL	320

c) Recomendacións presentadas:

ANO	Nº RECOMENDACIÓNS
2011	2
2012	9
2013	7
2014	8
TOTAL	26

C) COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS CON DATA 1 DE XANEIRO DE 2014:

PRESIDENTE

Argimiro Rojo Salgado

(Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais – Vigo)

PDI – A

Roberto Ignacio Fernández López (Vicepresidente)

(Facultade de Dereito – Ourense)

PDI – B

Teresa Mourín González

(Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo – Vigo)

Rosa María Ricoy Casas (Secretaria)

(Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación – Pontevedra)

ESTUDANTES

Javier Puga Alonso

(E.T.S. de Enxeñería de Minas – Vigo)

PAS

Ana Belén Martínez Piñeiro

(Biblioteca Universitaria – Vigo)

Guillermo de Oca Cancela

(Escola de Enxeñería Industrial – Vigo)

Causaron baixa no transcurso do ano 2014 as profesoras Teresa Mourín González e Rosa María Ricoy Casas, e o profesor Roberto Ignacio Fernández López. No Claustro que tivo lugar o 20 de novembro do 2014 foi elixido novo membro do TG, polo sector estudantes, Jose Miguel Diéguez Rodríguez.